



NOTA DE PRENSA

Celebración da XVIII Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Santiago, 14 de febreiro de 2023.- O próximo venres 17 de febreiro celebrarase a fase presencial da **XVIII Olimpíada de Bioloxía-Fase Autonómica Galega**, na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, convocada polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** -COBGA e a **Asociación Olimpiada Española de Biología** (OEB), coa colaboración das tres **universidades galegas** e a **Consellería Cultura, Educación e Universidade**.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudantado do sistema educativo español.

Nesta fase previa inscribíronse unha cifra récord de centros e alumnos/as: Foron **44 centros (*) (A Coruña 25, Lugo 3, Ourense 5 e Pontevedra 11) cun total de 344 alumnos/as**. Consistiu nunha proba teórica de 100 preguntas tipo test sobre os contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

O 100 mellores alumnos/as de 38 centros galegos, foron seleccionados para a presente fase presencial. Esta fase presencial constará dunha proba teórica tipo test cos mesmos contidos que os da fase previa e, ademais, de probas prácticas de laboratorio.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na **fase nacional**, que se celebrará en Barcelona do 23 ao 26 de marzo.

O certame conta co patrocinio de **Principia Editorial e os Museos Científicos Coruñeses** que entregarán premios aos gañadores.

Con motivo do convenio coa **Consellería de Cultura, Educación e Universidade** a Olimpíada foi homologada con 15 horas como actividade de innovación docente e nela terán lugar dúas charlas de formación docente sobre temas de actualidade en bioloxía. A primeira titulada "**Pequeñas superheroínas: bacterias que degradan plástico**" terá como relatora a Sabela Balboa Méndez e a segunda titulada "**Vixías do medio ambiente: empregando organismos vivos para o control da contaminación**" contará como relatora con Teresa Boquete Seoane.

Pola tarde, antes do acto de clausura, Gonzalo A. Álvarez Jurado ofrecerá unha conferencia ao profesorado e alumnado titulada "**La genética en el museo del Prado**".

Máis información: COBGA: 682546054 (Pablo Fernandes)

(*) CENTROS

Os centros presentados son:

Provincia da Coruña:

IESP Eusebio da Guarda, IES Rafael Dieste, Colegio Obradoiro, IES Urbano Lugrís, IES Fernando Wirtz Suárez (A Coruña); IES de Arzúa (Arzúa); IESP de Ames (Ames-Bertamiráns); IES Espiñeira (Boiro); IES David Buján, IES Afonso X O Sabio (Cambre); IES Punta Candieira (Cedeira); IES Concepción Arenal, IES Canido, IES Sofía Casanova (Ferrol), IES As Telleiras (Narón); IES Xulian Magariños (Negreira); IES Ordes (Ordes); IES Camilo Jose Cela (Padrón); IES Félix Muriel (Rianxo); IES nº1 de Ribeira (Ribeira); IES Plurilingüe Rosalía de Castro, IES A Pontepedriña, IES Eduardo Pondal e CPR Manuel Peleteiro (Santiago De Compostela).

Provincia de Lugo:

IES Vilar Ponte (Viveiro); IES A Pinguela (Monforte de Lemos); IES San Rosendo (Mondoñedo).

Provincia de Ourense:

IES O Ribeiro (Ribadavia); IES Carlos Casares (Viana do Bolo); IES Xermán Ancochea Quevedo (A Pobra de Trives); IES Ramón Otero Pedrayo, CPR M^a Auxiliadora-Salesianos Ourense (Ourense).

Provincia de Pontevedra:

IES Aller Ulloa (Lalín); IES Illa de Tambo (Marín); Colegio Bilingüe Marcote (Mondariz); IES Monte da Vila (O Grove); IES Ribeira do Louro (O Porriño); IES Val do Tea (Ponteareas); IES A Xunqueira II; IES Xunqueira1 (Pontevedra); IES Plurilingüe de Valga (Valga); IES Politécnico de Vigo; IES Alexasandre Bóveda (Vigo).